

9

Un tempo para ser solidarios



Un director de cine solidario

Alejandro Toledo naceu en 1963. É publicista e director de cine. Realizou videoclips para cantantes famosos e anuncios para marcas comerciais moi coñecidas.

Un día, mentres paseaba polo centro de Madrid, viviu unha experiencia moi dura. Así nola conta:

«Cruceime cunha persoa da miña profesión moi coñecida, que saía dun comedor de Cáritas (...). Pensei na miña filla, no seu futuro, en que, coma todos nós, corría o risco de converterse nunha “nova pobre” (...). Volvíñ percorrer todos os comedores sociais e sorprenderme co traballo de Cáritas, pero, sobre todo, cos usuarios: xente coma nós».

Alejandro sentiu que tiña que facer algo polas persoas que necesitaban axuda para saír da pobreza, e decidiu practicar a fraternidade colaborando con Cáritas. Para iso realizou gratis un videoclip.

Todas as persoas que traballaron no videoclip o fixeron gratis. Os actores principais son a súa filla de 4 anos e un mala-barista de rúa.



Descubro palabras

A fraternidade consiste en tratarnos como irmáns.

No videoclip, un pai e a súa filla percorren as rúas cunha maleta na que levan todo o que teñen. Dormen xunto a un caixeiro automático e, cansos, acoden a un comedor de Cáritas para conseguir comida, que toman na rúa.

Ao final escóitase esta mensaxe: «En Madrid, moitas persoas perderon a esperanza. Entre todos podemos devolverlla. Axúdanos a axudar. Cáritas».

(Adaptado de ABC, 12-4-2012,
e do vídeo <http://gloria.tv/?media=278144>).

Comento a lectura e reflexiono



- 1 Por que realizou Alejandro Toledo o videoclip?
- 2 Que mensaxe se escoita ao final?
- 3 Observa os debuxos: como te sentirías se foses a nena?
- 4 Que che ensina esta historia real sobre a solidariedade?
- 5 Que podes contar sobre a Coresma?

